



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Estrada de Cedeira Km.1
15570 Narón (A Coruña)
Tfno. 881 930 350 Fax 881 930 361
ies.telleiras@edu.xunta.es
www.edu.xunta.es/centros/iesastelleiras



IES As Telleiras

ELECCIÓN CONSELLO ESCOLAR 2021/22

ELECCIÓN DOS REPRESENTANTES DO ALUMNADO CONVOCATORIA

De acordo coa Resolución do 20 de setembro de 2021 (DOG do 29 de setembro), da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consellos escolares de centros de educación non universitaria, a XUNTA ELECTORAL deste Centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, **SECTOR DO ALUMNADO**, segundo as seguintes normas:

1. De acordo co disposto no artigo 40 do Decreto 324/1996, do 26 de xullo (DOG do 09/08/1996), redactado conforme ao establecido na disposición adicional terceira.1 do Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro (DOG do 26), corresponde elixir no presente proceso electoral a **DOUS/DÚAS alumno/a**, dun total de CATRO que debe ter o Consello Escolar. Os outros dous representantes continúan como consecuencia da súa elección anterior no ano 2018.
2. Co obxecto de manter os períodos de renovación, os membros do consello escolar elixidos conforme o proceso adiado no curso 2020/21 serán nomeados por un período de **tres cursos escolares**. (punto 3.2 da Resolución do 20 de setembro de 2021)
- 2.- Son electores todo o alumnado matriculado no Centro e incluídos no Censo correspondente que a partir do día **3 de novembro** está exposto no taboleiro de anuncios. As reclamacións ao referido Censo realizaranse mediante escrito razoado dirixido á Xunta Electoral, ata as 14:00 horas do día 12 de novembro.
- 3.- Son elixibles todo o alumnado que formulen a súa candidatura oficial segundo o modelo que se facilitará na Secretaría do Centro. **As candidaturas poderán ser presentadas a partir do día 5 de novembro ata as 14:00 horas do día 12 de novembro**.
- 4.- O sorteo dos membros da mesa electoral realizarase en acto público entre o alumnado, o día 16 de novembro, ás 10:10 horas na **Biblioteca**. Dita mesa electoral estará composta polo Director do Centro, que actuará como Presidente, e dous/dúas alumnos/as actuando de secretario/a o de menor idade.
- 5.- A campaña electoral establécese entre os días **18 e 19 de novembro**. As dependencias e servizos do Centro estarán a disposición dos candidatos/as, previa petición ao presidente/a da Xunta Electoral, sempre que o seu uso non altere o normal funcionamento educativo do IES

6.- Poderán actuar como supervisores da votación o alumnado matriculado no Centro que sexa proposto pola asociación de alumnos/as ou, no seu defecto, que estean avalados cando menos pola firma de dez electores/as.

7.- **As votacións realizaranse neste IES o día 22 de novembro, de 08:35 a 12:10 horas. A mesa electoral será constituída o mesmo día, en acto público, ás 08:30 horas.**

8.- Na papeleta de votación cada elector/a fará constar un máximo de **UN** nome dos/as candidatos/as presentados/as. O voto será directo, secreto e non delegado.

9.- Finalizada a votación procederase ao escrutinio dos votos, que será público, e unha vez realizado, levantarase acta para ao seu envío a Xunta Electoral do Centro.

10.- A Xunta Electoral do Centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.

Narón, 3 de novembro de 2021

A PRESIDENTA DA XUNTA ELECTORAL



María Cristina Alves Ferreira

